

Código do documento	Código do expediente
USG14I01V3	USG/2020/132
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5801 3V2F 6J41 4F3P 07MU	

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 22 DE SETEMBRO DE 2020.

PRESIDENTA:

A alcaldesa en funcións, María Guadalupe Pombo Carril

ASISTENTES:

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTOR ACCIDENTAL:

D. Roberto Babío Fernández

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta minutos do día vinte e dous de setembro do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa en funcións, D.^a María Guadalupe Pombo Carril (Resolución da alcaldía do vinte e dous de setembro de dous mil vinte), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión o Sr. interventor accidental, D. Roberto Babío Fernández.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 14/09/2020.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 14 de setembro de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 14 de setembro de 2020.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico - Dirección Xeral da Costa e o Mar sobre a publicación da aprobación definitiva do proxecto "Dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo" termos municipais A Coruña, Culleredo, Cambre e Oleiros (A Coruña). Referencia: 15-0736. BOE núm. 252 do 22-09-2020.
- Resolución do 31 de agosto de 2020 da Axencia instituto enerxético de Galicia, pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eficiente e sustentable (programa MOVES II), anualidade 2020 (códigos de procedemento IN421Q e IN421R). DOG núm. 184 do 10-09-2020.

Código do documento	Código do expediente
USG14I01V3	USG/2020/132
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5801 3V2F 6J41 4F3P 07MU	

- Anuncio do 4 de setembro de 2020 do Concello de Culleredo relativo á xestión de biomasa UME/2020/325. DOG núm. 187 do 15-09-2020.
- Orde do 16 de setembro de 2020, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se ditan instrucións sobre o comezo do curso académico 2020/21 e pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 189 do 17-09-2020.
- Anuncio do 3 de setembro de 2020 do Concello de Culleredo relativo ao requerimento de xestión de biomasa (expediente UME/2019/685) DOG núm. 190 do 18-09-2020.
- Orde do 18 de setembro de 2020 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se crea o Comité Educativo de Persoas Expertas para afrontar a emerxencia sanitaria derivada da pandemia. DOG núm. 191 do 21-09-2020.
- Orde do 17 de setembro de 2020 de Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se amplía a dotación orzamentaria das subvencións convocadas ao abeiro da Orde do 5 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento CO300A) DOG núm. 192 do 22-09-2020.
- Anuncio do 9 de setembro de 2020 do Concello de Culleredo -Economía, Facenda e Réxime Interior- relativo á Conta Xeral 2019. BOP núm. 153 do 16-09-2020.
- Anuncio de data 17 de setembro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña -Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación- relativo á aprobación da tramitación dun expediente de expropiación forzosa en relación cos bens e dereitos ocupados na finca 15031A0250013500000J colindante co Monte Costa, en Culleredo (A Coruña). BOP núm. 156 do 21-09-2020.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.. A Secretaría Xeral dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das actividades da Concellería de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

XOVES 24 DE SETEMBRO.

Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

I ciclo “Cultura con conciencia”.

Teatro Malasombra: estrea de Sós.

Público adulto. Aforo limitado polo COVID. Uso obrigatorio de mascariña. Reserva de asentos na mesma semana no teléfono 981665597.

VENRES 25 DE SETEMBRO.

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:

Obradoiro *O legado de Verne (escape room portátil)*.

Aforo limitado polo COVID a 20 nenos/as, a partir de 10 anos.

Previa inscrición, chamando ao teléfono 981665597 dende o luns 21.

Código do documento	Código do expediente
USG14I01V3	USG/2020/132
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5801 3V2F 6J41 4F3P 07MU	

VENRES 25 DE SETEMBRO.

Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

I ciclo "Cultura con conciencia".

Teatro do Atlántico: *A conquista da escola de Madhubai.*

Público adulto. Aforo limitado polo COVID. Reserva de asentos na mesma semana no teléfono 981665597.

DOMINGO 27 DE SETEMBRO.

Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 12.00 h:

I ciclo "Cultura con conciencia".

Pallasos en rebeldía: *O valo.*

Público familiar. Aforo limitado polo COVID. Uso obrigatorio de mascariña. Reserva de asentos na mesma semana no teléfono 981665597."

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A alcaldesa en funcións

(Asinado dixitalmente nesta data pola Sra. concelleira delegada de Política Social e Promoción do Deporte que actuou como alcaldesa en funcións nesta sesión)

(Asinado dixitalmente)